

CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO
informa CCOO informa

A CONSELLERÍA RECORTA AULAS E PROFESORADO NO ORIENTE OURENSÁN, UN ANO MÁIS

Valdeorras, terra de Trives e Bolo perde dende o 2009 o 18% das aulas de infantil e primaria, o dobre que a media de toda a provincia.

A FP Básica ofertada na comarca é insuficiente unha vez implantada a LOMCE

09 de setembro de 2016

Datos do ensino

Para o vindeiro curso 16-17 valdeorras perde as seguintes aulas e postos:

CEIP Manuel Respino de A Rúa: Perde 1 aula de primaria e 1 mestre de primaria.

CEIP de Vilariño de Conso: Perde 1 aula de infantil e 1 mestre de infantil.

Estas perdas se suman as dos últimos anos que fan que oriente ourensán quede nunha situación crítica o perder o 22 % das aulas de infantil e o 17% das aulas de primaria dende o 2009. Todo isto supón a perda do 20% dos postos de traballo no período 2009-2016.

A consellería está a practicar un ataque brutal ao ensino público da comarca, dende o comezo da crise. De continuar coas políticas neoliberais do goberno galego catro anos máis, entrará nunha fase de agonía que levará ao desmantelamento do ensino público no rural.

CCOO Ensino Ourense considera que os datos ao longo do período 2009-2016 deixan en evidencia as intencións do goberno do PP, así como o modus operandi no peche de aulas e centros, primeiro deteriora o servizo eliminando aulas só atendendo a ratios e cando o deterioro é tal que o centro non é sostible procede ao desmantelamento mediante a xustificación da non viabilidade. Dende CCOO Ensino entendemos que anterior ao peche dunha aula, debe existir unha valoración que permita identificar cales son os motivos e ver cal ou cales son as mellores solucións.

CCOO Ensino solicita, que a modificación do catálogo anual se estableza dentro dunha negociación coas OOS que garanta un ensino de calidade cunha adecuada distribución de aulas e RRHH atendendo a criterios pedagóxicos, socio-económicos e culturais, tendo como punto de partida o acordo de agrupamentos asinado no ano 2009.

FP Básica

Nos dous primeiros anos para esta nova ensinanza o número de alumnado xa supera o que tiña o PCPI. A partir do ano que ven coa implantación da LOMCE en todas as ensinanzas cremos que o número de alumnado nestas ensinanzas aumentará considerablemente tendo en conta que a ESO elimina a atención á diversidade e que 3º ESO vai ser un muro infranqueable para todos aqueles alumnos.

CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO
informa CCOO informa

que precisen de apoio educativo para superar a ESO (apoiado que xa non existe). En definitiva, a LOMCE convirte a FP Básica nunha medida de atención a diversidade.

Por todo isto CCOO Ensino Ourense considera unha burla que para o vindeiro curso 16-17 só se incremente a oferta de FP Básica nun ciclo formativo en Viana do Bolo e que é o mesmo que hain a Rúa. Temos que lembrar que a FP Básica e OFERTA OBRIGATORIA e polo tanto a consellería esta obrigada a unha oferta atractiva que permita que o alumnado teña unha saída acorde as súas pretensións. Non é de sentido común que un alumno/a que en 3º ESO decide acceder a FP Básica na nosa comarca só poda acceder a mantemento de vehículos, electricidade ou informática de oficina. O problema é que este alumnado non ten máis saídas, ou escolle entre esta oferta ou abandona os estudos.

Esta maneira de actuar non ven máis que a constatar a hipocresía da Consellería de Educación na súa "aposta pola FP", unhas ensinanzas, con crecemento exponencial nos últimos anos que contrasta coa mingua á que as somete a administración ano a ano.

IMPLANTACIÓN LOMCE:

O curso 16-17 é o da implantación da LOMCE nos cursos pares da ESO e bacharelato. Aparecen as reválidas da ESO e bacharelato, sendo este ano de transición, e dicir, os alumnos farán a proba pero titularán igualmente. A revalida de bacharelato, si que terá validez como proba de acceso a universidade, antiga selectividade.

CCOO Ensino, considera urxente a derogación do RD 310/2016 que regula as reválidas de ESO e BAC.

A incorporación das reválidas de ESO e BAC as xa implantadas en primaria levará a novas mobilizacións en contra das mesmas de toda a comunidade educativa durante o curso 16-17, onde CCOO Ensino terá un papel representativo, a través da plataforma en defensa do ensino público.

INFRAESTRUTURAS:

CEIP JULIO GURRIARAN: Grazas a presión da comunidade educativa, a consellería presentou un proxecto no mes de agosto para crear unha zona cuberta no patio do Julio Gurriarán.

CCOO Ensino denuncia, que o proxecto non aporta nada, o ser un documento de mínimos. Dende Ensino nos tememos que a presentación dun proxecto feito polos técnicos sen visitar a obra, responde máis a unha medida electoralista que a intención de realizar o pavillón.

CCOO Ensino Ourense xa denunciou no mes de xullo que o anuncio da construción do pavillón non é máis que unha promesa electoral que nos tememos se adiará no tempo unha vez superado o 25S.

CCOO Ensino, esixe que a consellería se tome en serio as necesidades da comunidade educativa do CEIP Julio Gurriarán e que estableza un calendario para a realización dun proxecto en condicións en colaboración co concello e o centro, así como a execución das obras.



**federación de ensino
de ccoo de Galicia**

CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO
informa CCOO informa



Para máis información
Daniel Rodríguez
Responsable comunicación Ensino Ourense
628 439 444